

PUNTO VIOLETA | DO CONCELLO DE OLEIROS

APE.  
—  
TÉCE.  
—  
CHE?

# APETÉCECHE?

**Pois mete na cachola que o  
CONSENTIMENTO SEXUAL  
DEBE SER...**

## 1. Afirmativo

Expresado de forma activa, positiva e explícita.

“Apetéceche?”

“Oh yeah!”

## 2. Específico

Non é unha barra libre! Dáse para unha práctica en concreto e non é extensible a outras.

*Se che apetece probar outras cousas...*

*Pregunta!*

## 3. Procesual

Tense que actualizar todo o tempo, así que, pregunta, pregunta, preguntaaaaaaa.

“Apetéceche?”

“Oh yeah!”

## 4. Entusiasta

Debe partir do desexo e non da compracencia.

“Apetéceche?”

“Oh yeah!”

## 5. Voluntario

Sen presión, coacción, chantaxe emocional, manipulación... e sempre, sempre desde a consciencia e a lucidez (baixo os efectos do alcol ou outras drogas, é agresión).

“Apetéceche?”

“Oh yeah!”

## 6. Reversible

Pode cambiar en calquera momento.

“Apetéceche?”

“Oh yeah!”

# Si, si, vale. Pero... como sei cando é un NON?

1.

Grava a lume que **O CONSENTIMENTO NON É A AUSENCIA DUN NON MANIFESTO, SENÓN A PRESENZA DUN SI ENTUSIASSTA.**

Así que... si, **hai moitas formas de saber que NON é NON** sen que explicitamente se mencione un N-O-N.

**Vexamos algúns exemplos:**



**2.**

Se a persoa...

está paralizada...

está en silencio...

está borracha...

está drogada...

está durmida...

non participa activamente...

chora...

grita...



é un  
**NON!**

**E créeme, temos  
capacidade abondo para  
interpretar a linguaxe non  
verbal.**

**Un “non sabía que non  
querías”, NO CUELA.  
E, por supuesto, non invalida  
a agresión.**

# **Sen consentimento, é agresión! E punto.**

